

CONVOCATORIA DE CONCURSO PÚBLICO PARA A ADXUDICACIÓN DA EXPLOTACIÓN DO SERVIZO DE CAFETERÍA E COMEDOR ESCOLAR NO IES LUCUS AUGUSTI DE LUGO PARA O CURSO 2017/18.

Convócase concurso público para adxudicar o servizo de explotación da CAFETERÍA e COMEDOR ESCOLAR do IES Lucus Augusti; o prazo de presentación de candidaturas iniciárase o día 12 de xuño e rematará o día 23 de xuño de 2017 e a adxudicación será decidida polo Consello Escolar do centro en función das ofertas presentadas, que deberán tomar como base a Instrucción 5/2017, da Secretaría xeral Técnica de Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, do 30 de maio sobre funcionamento dos comedores escolares de xestión indirecta no curso escolar 2017-2018, a Instrucción 7/2017, do 30 de maio de 2017, pola que se establecen as condicións para a contratación do servizo de xestión e explotación da cafetería en centros docentes non universitarios dependentes da Consellería Curso Escolar 2017-2018, e as seguintes condicións mínimas técnicas e particulares:

- O servizo de cafetería axustarase ao seguinte calendario e horario, que deberá ser exposto en lugar visible para os clientes:
 - Prestarase do 1 de setembro ao 30 de xuño de cada curso escolar.
 - O horario de apertura será o comprendido entres as 8,30 a 14,15 e de 16,00 a 21,00 de luns a venres .
- O servizo de comedor escolar axustarase ao seguinte calendario e horario:
 - Prestarase do 18 de setembro de 2017 ao último luns lectivo de xuño de 2018.
 - O horario de apertura será o comprendido entres as 14,15 horas 15:30 horas os luns lectivos de cada semana.
- O contrato terá unha vixencia dun ano a partir da data da súa firma, e non poderá ser obxecto de prórroga, segundo o establecido nos artigos 23.3, en relación cos artigos 111 e 138.3 do TRLCSP, polo que a citada contratación realizarase para o período do curso académico 2017/18.
- O adxudicatario deberá pagar un canon anual a Dirección xeral do Tesouro da Consellería de Facenda. Os aspirantes á adxudicación do servizo farán no sobre pechado a proposta que consideren oportuna.

- Como contrapartida, ao non dispoñer de contadores de auga e electricidade diferenciados para a cafetería, o adxudicatario deberá pagar ao instituto unha cantidade consistente no 2% do importe dos recibos mensuais de electricidade e gasóleo de calefacción e o 1% do recibo de auga correspondentes ao período comprendido entre os meses de setembro e xuño.
- Queda prohibida a venda de tabaco e bebidas alcohólicas, segundo indica a O.M. de 7/11/89.
- A prestación do servizo de cafetería destinarase a profesorado, persoal non docente e alumnado do centro, así como ás persoas que para unha xestión directa ou persoal acudan ao mesmo.
- A prestación dos servizos de cafetería axustarase, en canto aos prezos dos almozos e restantes artigos, á lista de prezos que, formulada polo concursante, acompañará á oferta que servise de base á adxudicación e consideraranse máximos sen que poidan ser obxecto de revisión durante o prazo de vixencia do contrato.
- A estes efectos as ofertas conterán como mínimo os prezos dos seguintes produtos: infusións, cafés, bebidas, bollería e bocadillos.
- Os produtos que se inclúan na lista de oferta do servizo de cafetería por parte dos concursantes deberán axustarse á calidade media do mercado e preferentemente produtos naturais e pertencentes a dietas saudables.
- A lista de prezos deberá estar exposta con claridade á vista do público nas instalacións da propia cafetería.
- Os produtos dispensados na cafetería ao alumnado deberán de ser consumidos nas dependencias da mesma, coidando o adxudicatario de que os alumnos non saquen bebidas nin comida que logo levan para as aulas e resto de instalacións do centro, agás durante o recreo.
- A limpeza das dependencias e instalacións da cafetería así como as zonas inmediatas de acceso como son as escaleiras e o acceso ao patio, que correrán por conta do adxudicatario, deberán de estar en perfectas condicións en todo momento.
- Con respecto ao persoal que para a prestación do servizo obxecto do contrato empregue o adxudicatario, este obrígase, na súa condición de patrón, a dar cumprimento ás disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e de seguridade e hixiene no traballo, así como en materia de accidentes de traballo. O

incumprimento destas obrigacións por parte do contratista non implica responsabilidade algunha para a Administración.

- O adxudicatario comprométese a estar ao corrente no pago de todas as cargas laborais, sociais e fiscais derivadas da súa condición de empresario, debendo ter en todo momento a disposición do centro os documentos que así o acrediten e en concreto os impresos TC-1 e TC-2 da Seguridade Social, selados pola correspondente oficina recadadora.
- Corresponderá ao adxudicatario o abono de toda clase de impostos, taxas, arbitrios e demais exaccións, debendo dar cumprimento ás disposicións de carácter fiscal de todo orde.
- O adxudicatario deberá prestar o servizo de cafetería cun mínimo dunha persoa durante as horas normais de clase e de dúas persoas no tempo dos recreos. Devandito persoal dependerá exclusivamente do adxudicatario, por canto este terá todos os dereitos e deberes inherentes á súa calidade de patrón, cumprindo as disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e de seguridade e hixiene no traballo, referido ao propio persoal ao seu cargo.
- Calquera mellora destas condicións por parte dos candidatos á adxudicación, como a relativa ao canon a pagar, así como a competitividade na lista de prezos/calidades que deberá ser proposta, será valorada polo Consello Escolar á hora de adxudicar a concesión.

Lugo, 8 de xuño de 2017

O Director



Asdo.: José Pedrouzo Devesa

